

Coñecín a Verónica Martínez *Deshabitada e sen verdugo* tras o mostrador do vello Sargadelos (que tempos máis bos, querida Inés!) e foi un deses libros que con só ler o título un sabe que está ante Poesía, si, en maiúsculas. Logo chegou o veredicto certo de Vicente Araguas, Fermín Bouza e Manuel Pereira, por orde alfabético. E con esa publicación tiña o Roibén o pracer de publicar uns poemas recoñecidos e premiados.

Verónica, que se describe *Desterrada do meu Corpo*, escribe a corazón aberto, falándonos coma se fósemos os seus confidentes. Coa súa poesía lémbra-nos que as palabras son un ente vivo, as súas palabras senten, describen e liberan non só a quen as escribe se non tamén a quen as lee.

Eu, achegueime a Mondoñedo, coma tantas outras veces tomar un café na *Alianza*, mirar os libros de *Alvite* e respirar o ar morno da choiva entre as pedras dos muíños. Non precisaba a viaxe, pero gostei de ler *Cartapedra* a carón da mesma *area longa* na que Verónica nos somerxe cuns poemas tan táctiles que nos fan esquecer que nós, ou polo menos eu, non son experto en xeoloxía.

Achegueime á Cerámica do Castro e imaxinei a Verónica escribindo aquel poema que di “busqueite,/ ao chou,/ entre a colisión continental/ e a xénese dos granitos.../”. Tamén eu, chimpei polas pedras do Viveirón e sorteei co coche os *espíritos das nevoadas meigas*, que en forma de cabalo cruzan a estrada pola Gañidoira. Neste percorrido circular Vilalba-Vilalba lin por vez primeira o presente libro de Verónica Martínez, que tamén é circular, aínda que nel poidamos atopar tantas arestas e vértices, coma no granito calcoalino deformado da ría de Viveiro, porque nos seus poemas Verónica, amósanos o seu mundo interior que convive cun mundo exterior, aderezado coa paixón de seu.

Verónica escribe entre vermellos transparentes e verdes berilos coa minuciosidade propia dun coleccionista de minerais que co seu piolet golpea de maneira precisa para non deixar rastro do seu paso, pero levándos consigo parte dunha historia que comparte con nós. Eu máis acostumado ás rochas metamórficas acedas da Terra Chá, leo marabillado, como xa dixo Manuel Pereira, a súa “longa capacidade suxestiva, a profundidade sentimental”.

Volve Verónica Martínez publicar uns poemas e volve co Roibén, que tamén está de volta. Entre tanto percorrido circular e tanta volta e volta esquecémonos por uns intres da crise e seguimos a facer o que máis nos gusta, escribir, ler e publicar os nosos cadernos do mesmo xeito que, hai anos, comezamos a facelos na rúa Montera, no gabinete do noso ben querido Rudesindo Soutelo que puxo á nosa disposición todo o seu saber de editor musical.

Volve a poesía co Roibén, no máis estricto sentido da palabra, incluídas as súas doses de romanticismo, que de todo hai. Alonxámonos outra vez do lombo dos libros que tantas horas de tertulia nos ten dado no Café Comercial e voltamos a nos deixar os dedos grampando os sábados pola tarde.

Coma nos poemas de Verónica, tan cheos de sentido do tacto, estes novos cadernos levan impreso non só os poemas para ser lidos, levan o olor do libro de sempre, a textura do traballo manual e de todo iso, do que sen dúbida algunha estamos, como non pode ser doutra maneira, moi orgullosos.

*Mañá, se cadra non será un día máis*, dicía Verónica Martínez alá no principio dos anos noventa eu agora, tras a lectura, estou seguro, mañá, será mellor.